



PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 7

Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais

Submedida 7.2

**Apoio aos investimentos na creación, mellora ou
ampliación de todo tipo de pequenas
infraestruturas, incluídos os investimentos en
enerxías renovables e aforro de enerxía**



Índice

<u>1. Medida 7. Servizos básicos e renovación das poboacións rurais</u>	3
<u>1.1. Submedida 7.2 Apoio aos investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía</u>	3
<u>1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?</u>	4
<u>1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?</u>	4
<u>1.1.3. Como se outorga a axuda?</u>	4
<u>1.1.4. Que tipo de gastos se financian?</u>	5
<u>1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	6
<u>1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	6
<u>1.1.7. A canto ascende esta axuda?</u>	8
<u>1.1.8. Quen xestiona esta axuda?</u>	8
<u>1.1.9. Marco normativo</u>	8
<u>1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados</u>	9



1. Medida 7. Servizos básicos e renovación das poboacións rurais

A axuda en virtude desta medida abarcará tres tipos básicos de apoio: o deseño e actualización de plans relacionados coas áreas rurais e os seus servizos básicos e as zonas de alto valor natural; os investimentos en infraestruturas vinculadas ao desenvolvemento local e a recolocación de actividades e dependencias; e os estudos e accións asociadas ao patrimonio cultural e natural e á concienciación ambiental. En todo caso, o común denominador da medida radica no carácter non produtivo das operacións financiadas e no impulso preferente ás iniciativas a cargo de entidades públicas locais.

Impleméntanse 5 submedidas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020:

- ✓ Submedida 7.2 Apoio aos investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía
- ✓ Submedida 7.3 Apoio ás infraestruturas de banda ancha, en particular a súa creación, mellora e ampliación, as infraestruturas de banda ancha pasivas e a oferta de acceso á banda ancha e a solucións de administración electrónica
- ✓ Submedida 7.4 Apoio aos investimentos na creación, mellora ou ampliación de servizos básicos locais para a poboación rural, incluídas as actividades recreativas e culturais, e a infraestrutura relacionada
- ✓ Submedida 7.5 Apoio aos investimentos para uso público en infraestruturas recreativas, información turística e infraestrutura turística a pequena escala
- ✓ Submedida 7.6 Axuda para estudos/investimentos vinculados ao mantemento, a recuperación e a rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas con alto valor natural, incluídos os seus aspectos socioeconómicos, así como as iniciativas de sensibilización ecolóxica

1.1. Submedida 7.2 Apoio aos investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía

En virtude desta submedida apoiaranse aqueles investimentos non produtivos na creación, mellora ou ampliación de pequenas infraestruturas relacionadas coa xestión da auga e enerxías renovables e eficiencia enerxética.



1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

A submedida poderá incluír as seguintes actuacións:

- ✓ Pequenas infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais.
- ✓ Pequenas infraestruturas de enerxías renovables: solar térmica e fotovoltaica, biomasa, eólica, xeotérmica, aerotérmica,...
- ✓ Pequenas infraestruturas relacionadas coa eficiencia enerxética

Considéranse pequenas infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais aquelas cuxo investimento sexa inferior a 2 millóns de euros.

En relación á consideración de pequenas infraestruturas de enerxías renovables establécense os seguintes umbrais:

- ✓ En proxectos para xeración eléctrica considéranse pequenas infraestruturas aquelas que cumpran os criterios establecidos no Regulamento (UE) 651/2014 cuxa potencia máxima instalada é menor ou igual a 0,5 MW (salvo a enerxía eólica).
- ✓ En canto ás instalacións para a xeración térmica establécense 1,5 MWt para a biomasa e biogás, 0,5 MWt para a xeotérmica, 1 MWt para a aerotérmica e 1.000 m² para a solar térmica.

En proxectos de aforro e eficiencia enerxética considéranse pequenas infraestruturas aquelas cun investimento elixible asociado inferior a 500.000 €.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios desta axuda:

- ✓ A Administración Autonómica e os entes instrumentais dependentes dela
- ✓ As entidades locais e entidades delas dependentes, as persoas físicas xurídicas de dereito privado, asociacións e agrupacións público privadas e ONG

1.1.3. Como se outorga a axuda?

Segundo o beneficiario, a axuda poderá articularse:

- ✓ En forma de investimento directo se o beneficiario é a Administración Autonómica
- ✓ Como subvención ao investimento en convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva

No seu caso habilitarase a posibilidade do recurso de instrumentos financeiros, e queda condicionada aos resultados da avaliación ex ante realizada segundo o artigo 30 do



Regulamento (UE) 1303/2013, que demostre a existencia de deficiencias de mercado ou situacións de investimento subóptimas, estime o nivel das necesidades de investimento público e o seu alcance e estableza o tipo de instrumentos financeiros a aplicar.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Os custos subvencionables serán en función do tipo de actuación que se leve a cabo, desta forma:

- ✓ No caso de pequenas infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais serán subvencionables as obras e o equipamento necesario para levar a bo fin os proxectos: apertura de gabias, construción de captacións, tubaxes, bombeos, arquetas, construción das depuradoras e potabilizadoras e o seu equipamento, técnicas de drenaxe urbana sustentable,...
- ✓ Para pequenas infraestruturas de enerxías renovables consideraranse os gastos de:
 - Instalación e equipamento necesarios (paneis fotovoltaicos ou térmicos, acumuladores, baterías, conducións, soportes,...)
 - Instalacións de quecemento dun fluído mediante equipamentos térmicos que utilicen biomasa como combustible.
 - Instalacións e equipamentos relativos a outros posibles tipos de fontes enerxéticas renovables
- ✓ No caso de pequenas infraestruturas relacionadas coa eficiencia enerxética serán custos elixibles:
 - A substitución ou mellora dos equipos e instalacións consumidoras de enerxía por outros que utilicen tecnoloxía de alta eficiencia ou a mellor tecnoloxía dispoñible.
 - A instalación de equipos de medida e a implantación de sistemas de xestión enerxética que permitan medir e cuantificar a maior eficiencia enerxética.
 - A obra civil, maquinaria e bens de equipo, incluídos os soportes lóxicos de computador.
 - Outros investimentos materiais e inmateriais necesarios para a execución do proxecto e a súa posta en marcha.

En xeral, para todo tipo de infraestruturas incluídas nesta submedida, son subvencionables os custos xerais vinculados ao investimento, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade.

Non se consideran subvencionables os gastos de:



- ✓ Funcionamento, o material funxible.
- ✓ A maquinaria, equipamento e materiais de segunda man.
- ✓ A simple reposición ou substitución de equipamento e maquinaria.
- ✓ As obras de mantemento, os gastos de aluguer; as taxas e licenzas administrativas, así como as partidas de gastos xerais e beneficio industrial, fóra dos proxectos de promoción pública, cando estas partidas formen parte do prezo de licitación de acordo coa normativa de contratación administrativa

Estableceranse custos de referencia para algúns tipos de gastos, en particular para os relativos á construción de infraestruturas.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

A solicitude de axuda haberá de ser acordada polo órgano competente das entidades públicas participantes na operación. Estas, do mesmo xeito que as persoas físicas ou xurídicas solicitantes, deberán estar ao día no cumprimento dos seus deberes tributarios e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma. Ademais, as entidades públicas, antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes de axuda, deberán remitir as contas do último exercicio orzamentario ao Consello de Contas dentro do prazo correspondente. As operacións non deben estar iniciadas na data de presentación da solicitude e deben desenvolverse nos ámbitos territoriais definidos.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento dispoñible sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso. En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan. Fixarase un certo limiar mínimo de puntos que debe alcanzar unha solicitude para acceder ao financiamento.

Valoraranse as seguintes prioridades:

- ✓ A localización xeográfica das diferentes operacións tendo en conta tanto a evolución demográfica da zona en cuestión como o seu desenvolvemento socioeconómico
- ✓ A cooperación entre varias entidades ou organismos públicos
- ✓ O carácter innovador das propostas
- ✓ A creación de emprego
- ✓ A calidade, claridade e concreción do proxecto



- ✓ A incidencia sobre determinados colectivos (mozos, mulleres e colectivos desfavorecidos)

Para as infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais teranse en conta os seguintes criterios de selección:

- ✓ Actuacións que contribúan ao cumprimento das Directivas comunitarias en materia de augas.
- ✓ Actuacións que se atopen recollidas no Programa de Medidas do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, nos Plans de Saneamento e Abastecemento de Galicia, nos Plans de Saneamento Locais e/ou en calquera outro instrumento de planificación que se desenvolva.
- ✓ Actuacións que garantan o acceso ao abastecemento de auga nas debidas condicións de calidade e/ou eviten ou diminúan verteduras ao medio. Actuacións que promovan a optimización de recursos existentes, mellora na xestión, aforro da auga e minimización do consumo enerxético.
- ✓ Actuacións que se baseen en técnicas de drenaxe urbana sustentable que se orientan ao que se coñece como “infraestruturas verdes” na Estratexia Europa 2020.

En canto a pequenas infraestruturas de enerxías renovables aplicaranse os seguintes criterios de selección:

- ✓ Características técnicas dos principais equipos (tipoloxía de caldeiras, rendemento de bombas de calor,...)
- ✓ Grao de utilización da instalación

En relación ás pequenas infraestruturas relacionadas coa eficiencia enerxética aplicaranse os seguintes criterios de selección:

- ✓ Porcentaxe de aforro enerxético xustificado polo proxecto. Con carácter xeral esixírase como condición de admisibilidade unha porcentaxe mínima de aforro do 20 % para que a actuación sexa elixible. Esta porcentaxe poderase reducir ao 5 % no sector industrial co obxectivo de fortalecer a creación de emprego neste sector clave para o desenvolvemento socioeconómico da rexión, así como nos proxectos nos que ademais de aforro enerxético utilízanse enerxías renovables. No caso das actuacións de iluminación esixírase unha porcentaxe mínima de aforro do 40 % dado o importante salto tecnolóxico dos últimos anos.
- ✓ Cociente aforro enerxético/investimento elixible. Con este criterio preténdese asegurar a máxima eficiencia dos recursos públicos.
- ✓ Melloras ambientais adicionais. Valorarase a redución adicional de emisións de CO₂ derivadas do proxecto.



1.1.7. A canto ascende esta axuda?

En función do tipo de actuacións:

- ✓ Infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais: a intensidade da axuda será do 100% para o caso de investimentos realizados polas administracións públicas. Para outros beneficiarios a intensidade da axuda será do 50%.
- ✓ Infraestruturas en enerxías renovables e investimentos en proxectos de eficiencia enerxética: a intensidade da axuda será o 75% para o caso de administracións públicas. Para outros beneficiarios a intensidade da axuda será do 30%, incrementándose en 10 puntos porcentuais para as medianas empresas, e en 20 puntos porcentuais para as pequenas empresas e para as persoas físicas.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada por dúas entidades, segundo o tipo de actuación:

- ✓ Pequenas infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais: Augas de Galicia pertencente á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
- ✓ Pequenas infraestruturas de enerxías renovables (solar térmica e fotovoltaica, biomasa, eólica, xeotérmica, aerotérmica,...) e pequenas infraestruturas relacionadas coa eficiencia enerxética: Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) pertencente á Consellería de Economía, Emprego e Industria

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Directiva 91/271/CEE do Consello, do 21 de maio de 1991, sobre o tratamento das augas residuais urbanas
- ✓ Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas
- ✓ Regulamento (CE) N° 854/2004 do Parlamento e do Consello do 29 de abril de 2004, polo que se establecen as normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano
- ✓ Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e pola que se derroga a Directiva 76/160/CEE



- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) N° 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis
- ✓ Regulamento (UE) N° 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas de minimis no sector agrícola
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias.
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- ✓ Real Decreto 1332/2012, do 14 de setembro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014
- ✓ Directrices sobre axudas estatais en materia de protección do medio ambiente e enerxía 2014-2020

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Augas de Galicia
<http://augasdegalicia.xunta.gal/>
- ✓ Instituto enerxético de Galicia (Inega)
<http://www.inega.gal/?idioma=gl>





- ✓ Controlas a túa Enerxía (Ministerio para a Transición Ecolóxica)
<http://www.controlastuenergia.gob.es/Paginas/index.aspx>
- ✓ Guía da Enerxía (Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía)
<http://guiaenergia.idae.es/>
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.6.3.1 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

